

DEREITO
SOCIAL
GALLEGA
DE

**LAUDOS ARBITRAIS E
PROPOSTAS DE MEDIACIÓN ACEPTADAS**

EXPEDIENTE

8/01

LAUDO ARBITRAL

JOSÉ M^a CASAS DE RON, designado polas partes árbitro en acta de compromiso arbitral de data 28 de abril de 2001, en procedemento de solución de conflitos, con base no establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), procedemento número de referencia 8/01, no que son interesados dunha parte a representación legal dos traballadores a través do seu delegado de persoal, e doutra a empresa “A. Y M., S.A.” (ALYMO-SA), mediante acta de compromiso arbitral remitida en data 9 de abril de 2001, como partes lexitimadas do conflito sobre diverxencias xurdidas entre as partes no método e definición de actividade para o sistema de asignación de tempos no sistema retributivo por rendementos (Bedaux), visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión presentada por medio do presente laudo, con base nos seguintes

Antecedentes

Ante as discrepancias xurdidas na aplicación de tempos esixibles no método e definición da actividade para o sistema de asignación de tempos no sistema retributivo por rendementos (Bedaux), e esgotadas as vías de solución de conflitos internos, tal como tamén consta na citada acta de compromiso arbitral, as partes acoden ó sistema de solución de conflitos colectivos.

Iníciase o expediente con base nos seguintes antecedentes: durante a vixencia do anterior Convenio Colectivo e durante a negociación do recentemente pactado, a parte social veu observando diferencias con respecto á precisión do nivel de actividade, que condiciona o establecemento dos tempos de traballo na empresa como parte do sistema de incentivos por rendementos. Estas diferencias fóronlle explicadas ó árbitro nas xuntanzas preparatorias previas á iniciación do procedemento arbitral e nas mantidas no centro de traballo. Sinalouse por parte do árbitro a necesidade imprescindible de solicitar un

informe técnico pericial a fin de que puidese ter mellor xuízo para resolve-la cuestión presentada no conflito, que se estima, de intereses.

Procedemento

O árbitro constituíu a mesa arbitral os días 15 de maio e 6 de xuño no centro de traballo, comparecendo ademais do que subscribe, por parte da representación dos traballadores, o delegado de persoal, don M.L., e por parte de CC.OO., como asesor, don F.M.A.; por parte da empresa don R.G., conselleiro delegado, don J.P., director xerente, don A.P., director de recursos humanos, don J.C., xefe de enxeñería, e dona A.B., responsable de métodos.

Na segunda das xuntanzas consignadas incorpórase á mesma don J.R.G., dentro da representación de CC.OO.

O actuante comunica ás partes, na primeira das xuntanzas, as fases do procedemento, sinalando que, a tódolos efectos, garantíranse os principios de audiencia, contradicción e igualdade; ademais, as partes expoñen ó árbitro os seus enfoques, posición e pretensións, delimitando o suposto motivador das diferencias que se someten ó xuízo arbitral.

Á primeira xuntanza, asiste tamén o enxeñeiro técnico industrial don J.N.L., técnico asignado polo Servicio de Solución de Conflictos co fin de intervir tecnicamente e emitir un informe dirixido ó árbitro para establece-la actividade e verificar se os tempos de traballo vixentes na empresa de referencia están dados correctamente na escala Bedaux ou nas súas correlacións.

A estes efectos, o Sr. N. informa ó árbitro, en presenza das partes, que se seleccionaron como mostra tres referencias, referencias que foron elixidas polo delegado de persoal da empresa e que, posteriormente, foron aceptadas pola dirección como representativas. Estas referencias son as de montaxe completa do conxunto armadura do asento dianteiro do automóbil en tres modelos distintos denominados abreviadamente MF, VP e VU. O traballo do técnico realizouse durante a tarde do día 14 e a mañá do día 15, observándose consecutivamente as tres citadas montaxes, con toma selectiva de tempos, gravación videográfica de ciclos de montaxe, e análise das gamas operatorias, follas de análise de cronometraxe e bonos de traballo, en función de documentación requirida e aportada pola empresa, ademais de atende-las posibles suxestións das partes intervinientes.

Igualmente, ó finaliza-la análise técnica, o enxeñeiro Sr. N. ofreceu ós representantes da empresa e dos traballadores o visionado dunha selección de material gravado, a título meramente informativo, e sen entrar en valoración técnica.

Con posterioridade, e despois dunha análise pomenorizada, o Sr. N. remitiu ó árbitro, a través do Servicio de Solución de Conflictos, a súa conclusión técnica, solución que o árbitro fai súa e que reflectirá na parte dispositiva deste laudo.

Na segunda das xuntanzas, e a fin de completa-lo expediente, o árbitro ofreceu ás partes a posibilidade de realizar unha última análise para facerlle chegar as súas alegacións finais, xuntanza na que se realizou un intercambio de argumentacións sobre sistemas de medición e equivalencias (BSI, Bedaux, ou centesimal). Por último, e antes de resolve-la cuestión presentada, significa o árbitro expresamente que por ineludible nece-

sidade de realiza-la peritaxe técnica a que se fixo referencia, foi necesario no presente conflito utilizar prazos excepcionais para dictar laudo arbitral.

Conclusiones

Remitido o informe técnico, o árbitro considera, en primeiro lugar, que dito informe realizouse dando satisfacción ós requisitos de audiencia, contradicción e igualdade, podendo as partes interesadas dar conta ó técnico actuante de suxestións ou formalidades no exercicio da súa función; por outra parte, dito dictame supón para o árbitro o aporte de datos necesarios co fin de dictar laudo no conflito de intereses por aplicación de disposición técnica diante das diferencias na implantación e funcionamento dos tempos do sistema de incentivos por rendementos implantados.

Por isto, e baseándome nas consideracións expostas, resolvo a cuestión en equidade, en función das previsións do dictame técnico que o árbitro converte en vinculantes dictando o seguinte laudo, de acordo co art. 3 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Conflictos Colectivos de Traballo, dictándose no prazo excepcional previsto no apartado 2º do artigo 24 de dito acordo, xustificado na propia petición do informe técnico ó que se fixo referencia, e sendo advertidas as partes da excepcionalidade á que se acolle o presente pronunciamento en canto o seu prazo.

A peritaxe técnica conclúe que os tempos de traballo na empresa ALYMOSA non están dados a actividade 72 a escala Bedaux senón a actividade 75 da mesma escala.

Polo tanto, **dado que actividade 75 é un 4,17% superior a 72 os tempos de traballo da empresa deberán ser aumentados nesta mesma porcentaxe, é dicir, un 4,17%, aumento que se debe reflectir en tódolos tempos de traballo na actualidade vixentes, para compensa-lo desaxuste na valoración da actividade e que desta forma tódolos tempos estean dados a actividade 72 da escala Bedaux.**

O presente laudo poderá ser recorrido ante a xurisdicción social nos termos establecidos no pr. 4 do art. 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA).

Dado en Vigo o 11 de xuño de 2001

EXPEDIENTE

11/01

LAUDO ARBITRAL

CARLOS DOMENECH DE ASPE, designado árbitro en acta de compromiso arbitral de data 7 de maio de 2001 subscrita polas representacións empresarial e dos traballadores compoñentes da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do sector de comercio de alimentación da provincia de Pontevedra, con base no establecido no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Trabajo (AGA), visto o expediente e oídas as alegacións das partes, dicta o presente **Laudo**.

Obxecto da arbitrase

As diferencias entre as partes xorden como consecuencia da interpretación do artigo 11 do vixente Convenio Colectivo de comercio de alimentación da provincia de Pontevedra, en concreto o seu parágrafo terceiro que establece a cláusula de revisión salarial para o segundo ano de vixencia.

Antecedentes

O árbitro convoca ás partes, comparecendo en data 14 de maio de 2001, coa asistencia de dona P.C.R., secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, as representacións das empresas e traballadores do sector de comercio de alimentación da provincia de Pontevedra integrantes da Comisión paritaria do devandito Convenio, expoñendo ó árbitro o punto de desacordo e formulando as alegacións que estimaron convenientes.

Consideracións e fundamentos xurídicos

A discrepancia sometida a arbitrase contráese á interpretación e aplicación do artigo 11 do Convenio Colectivo provincial do Convenio de Comercio de Alimentación que textualmente establece:

Artigo 11.- Condicións económicas. O incremento salarial para o primeiro ano de vixencia do convenio será do 3%. Acórdase unha revisión salarial para o suposto en que o IPC real supere a devandita porcentaxe. Para o segundo ano páctase un incremento salarial consistente no IPC previsto + 0,25 cunha revisión na contía en que ó final do ano o IPC real supere o IPC previsto.

O punto de discrepancia límitase ó último parágrafo do precepto citado no que se refire á revisión salarial para o segundo ano, ano 2000.

A parte empresarial interpreta que o que se garante, a través deste precepto, é a contía do IPC previsto + 0,25 puntos e que a revisión pretende compensa-la cantidade en que o IPC real supere aquela garantía.

Pola súa parte, a representación dos traballadores interpreta que o que pretende garanti-la revisión prevista é o poder adquisitivo máis un 0,25% e que esta cláusula foi sempre así redactada e interpretada, polo que debe aplicarse a revisión sobre aquela cantidade en que o IPC real supere exclusivamente o IPC previsto sen engadírselle a este o 0,25%.

O árbitro, para decidir esta cuestión debe limitarse á interpretación do último parágrafo do artigo 11 do Convenio Colectivo sen entrar en consideracións de intereses das partes xa que claramente se trata dunha arbitrase en dereito; e para unha interpretación xuridicamente correcta é preciso acudir ás regras de interpretación que sinala o artigo 3º do Código Civil (“*As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos e a realidade social do tempo que deben ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ó espírito e finalidade daquelas*”).

Do exame da literalidade do expresado no parágrafo sobre o que existe controversia non lle caben dúbidas ó árbitro na súa interpretación. En efecto, textualmente dise que a revisión debe efectuarse “*na contía en que ó final do ano o IPC real supere o IPC previsto*”, sen que se faga mención ningunha ó 0,25% que, sobre o IPC previsto, se contempla no incremento salarial para ese segundo ano. Da interpretación gramatical deste precepto non cabe extraer outra conclusión que o que nel se pretende garantir é un incremento do 0,25% sobre o poder adquisitivo. En efecto, cando se fala do incremento para o segundo ano exprésase que consiste no IPC previsto ó que se debe suma-lo 0,25%, e cando posteriormente se establece a revisión, cífrase expresamente a contía desta na diferenza entre o IPC previsto e o IPC real sen mención ningunha a que ó IPC previsto debe engadírselle a porcentaxe do 0,25%, o que leva á conclusión de que tanto no previsto como no real manterase esa porcentaxe de superación.

A propia redacción dos dous primeiros parágrafos do artigo 11 avala esta interpretación, pois, cando se quixo garanti-lo IPC real no parágrafo segundo, non se fai mención ó IPC previsto en relación co real, senón que clara e expresamente se alude á diferenza entre este e o incremento xeral acordado antes de coñece-lo IPC real.

Por tódalas consideracións apuntadas dicta a seguinte

Resolución

A revisión salarial a aplicar en virtude do artigo 11 do Convenio Colectivo provincial do Comercio de Alimentación da provincia de Pontevedra debe ser efectuada

tendo en conta, para determina-la súa contía, exclusivamente a diferenza entre o IPC previsto e o IPC real sen que proceda incrementalo primeiro co 0,25% para o cálculo desa diferenza.

O presente Laudo poderá ser impugnado ante a Xurisdicción Social de acordo co punto 5 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Trabajo.

Dado en Santiago o 18 de maio de 2001

EXPEDIENTE

12/01

LAUDO ARBITRAL

JULIO PORTELA CEBALLOS, designado polas partes árbitro en Acta de sometemento a arbitraje para determinación dos servicios de mantemento en caso de folga, segundo o establecido no Capítulo IV do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extrajudiciais de Solución de Conflictos de Trabajo (AGA), o día 8 de xuño de 2001, na que son interesados, dunha parte, a representación legal dos traballadores a través dos seus delegados de persoal, e doutra, e empresa “A.G.”, en canto partes lexitimadas do conflito sobre as diferencias xurdidas de cara á fixación dos servicios de mantemento que deben rexer na xornada de folga xeral de ámbito autonómico prevista para o próximo día 15 de xuño dos correntes.

Visto o expediente e oídas as partes, RESOLVO, a cuestión suscitada por medio do presente laudo, con base nos seguintes

Antecedentes

As propostas de servicios de mantemento presentadas polas partes concréntanse do seguinte xeito:

Proposta da dirección da empresa:

- 1.- Áreas de peaxe con 1 soa maxicabina: Paiosaco, Laracha, Vincios Ramal e Ramallosa. Servicio ó 100%
- 2.- Áreas de peaxe semitroncais: Bidueira, Carballo, Vincios Troncal, Nigrán e Baiona. Servicio ó 100% en 2 cabinas. Quenda de noite, servicio ó 100% 1 cabina.
- 3.- Área de peaxe troncal: Pastoriza. Servicio do 100% en 2 cabinas en ámbalas dúas direccións. Quenda de noite, servicio do 100% en 1 cabina en cada sentido.

4.- Reforzos: ó tratarse dun fin de semana e comezo de período de vacacións, manterase a planificación coñecida de reforzos de ámbalas dúas autopistas, non incluíndose dentro do cómputo de servicios de mantemento.

Proposta dos representantes dos traballadores:

A parte social amosa o seu pleno desacordo coa proposta da empresa e propón a súa redución do seguinte xeito: 1 cabina de peaxe ó 100% en cada área de peaxe e dirección de circulación.

En base ó anterior, a RESOLUCIÓN do presente LAUDO concrétese nos seguintes servicios de mantemento:

- Autopista A Coruña-Carballo (A-55)
 - 1.- Áreas de peaxe con 1 única cabina (Áreas de Paiosaco e Laracha)- Servicios mínimos do 100%
 - 2.- Áreas de peaxe con tres cabinas por cada sentido da circulación:
 - Área de peaxe de Pastoriza:
Vía 4 e Vía 7: servicios mínimos do 100%
Vía 5 e Vía 6: servicios mínimos do 50% repartidos nas bandas horarias seguintes: Quenda de mañá, servicios mínimos de 7 a 11 horas. Quenda de tarde: servicios mínimos de 18 a 22 horas
 - Área de peaxe de Bidueira:
Vía 3: servicios mínimos do 100%
Vía 2: servicios mínimos do 50% repartidos nas bandas horarias seguintes: Quenda de mañá, servicios mínimos de 7 a 11 horas. Quenda de tarde, servicios mínimos das 18 ás 22 horas.
 - Área de peaxe de Carballo:
Vía 2: servicios mínimos do 100%
Vía 3: servicios mínimos do 50%, repartidos nas bandas horarias seguintes: Quenda de mañá, servicios mínimos de 7 a 11 horas. Quenda de tarde, servicios mínimos de 18 a 22 horas.
- AUTOPISTA PUXEIROS-VAL MIÑOR (A-57)
 - 1.- Áreas de peaxe con 1 única cabina (Áreas de Vincios Ramal e Ramallosa), servicios mínimos do 100%.
 - 2.- Áreas de peaxe con 3 cabinas por cada sentido da circulación:
 - Área de peaxe e Vincios Troncal
Vía 2: servicios mínimos do 100%
Vía 3: servicios mínimos do 50%, repartidos nas bandas horarias seguintes: Quenda de mañá, servicios mínimos de 7 a 11 horas. Quenda de tarde, servicios mínimos das 18 ás 22 horas
 - Área de peaxe de Nigrán:
Vía 4: servicios mínimos do 100%
Vía 3: servicios mínimos do 50% repartidos na banda horaria seguintes: Quenda de tarde, servicios mínimos das 15:00 ás 23 horas

- Área de peaxe de Baiona:

Vía 2: servizos mínimos do 100%

Vía 3: servizos mínimos do 50%, repartidos na banda horaria seguinte: Quenda de tarde, servizos mínimos das 15:00 horas ás 23 horas.

O presente laudo poderá ser recorrido diante da xurisdicción social nos termos establecidos no art. 24.4 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extrajudiciais de Solución de Conflictos de Trabajo (AGA).

Dado na Coruña o 11 de xuño de 2001